

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a trinta de setembro de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as catorce horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 E FINAL, E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “MELLORA DA CAPA DE RODADURA EN CAMIÑOS DE SAN XOÁN DE CAMBA E A PORTELA”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2023 (REINVESTIMENTO DE BAIXA)

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 e final correspondente á obra de “Mellora da capa de rodadura en camiños de San Xoán de Camba e A Portela”, incluída no Plan de Obras e Servizos (Plan

Concellos) 2023 (reinvestimento de baixa), por importe de CORENTA E OITO MIL TRESCENTOS SESENTA E TRES EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (48.363,16 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora da obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 48.363,16 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2025-0308 (FACe), de data 26/09/25, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 30 de setembro de 2025, na que se fai constar que “as obras realizadas, agás vicios ocultos, atópanse en bo estado, sendo executadas baixo o seguimento da facultativa encargada da súa dirección, cos axustes recollidos no informe final de obra”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe final da obra asinado pola dirección facultativa en data 25/09/25.

3.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CON CARGO Á LIÑA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL (FCA) 2025

En relación á subvención outorgada pola Dirección Xeral de Administración Local por Resolución de data 13/05/25, por importe de 50.192,87 €, para o proxecto denominado “*Adquisición de vehículo para*”

actuacións de protección do ambiente e do espazo natural – varredora ” ao abeiro da Orde do 23 de xaneiro de 2025 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 25, do 06/02/25), procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida: 50.192,87 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
BAYGAR S.L.	██████████	1347/251103220	16/09/2025	30/09/2025	86.185,00 €

- Cantidade xustificada: 86.185,00 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Dirección Xeral de Administración Local, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

4.- DESIGNACIÓN DOS/AS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN OURÍN – ASPERELO” – EXPEDIENTE PAS-O 2/2025

De conformidade co establecido na cláusula 17ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de

subministro denominado “*MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN OURÍN – ASPERELO*”, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación da obra de “*MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN OURÍN – ASPERELO*” ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: O alcalde do Concello.

VOGAIS: José Mª Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Yolanda Aguiar Jorge, técnica municipal de Medio Ambiente.

SECRETARIO: Francisco J. Lamazares García, funcionario do Concello.

5.- XXXI EDICIÓN DA XUNTANZA DA TERCEIRA IDADE

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da conveniencia de proceder á celebración dunha nova edición da tradicional Xuntanza da Terceira Idade, e propón para a súa celebración o vindeiro venres día 10 de outubro do corrente.

Mantense o copagamento do xantar, distinguindo entre os destinatarios principais da xuntanza (maiores de 65 anos e beneficiarios de pensións públicas) e os demais interesados en participar, sendo os custes restantes do xantar nos supostos subvencionados, así como o da totalidade das actividades complementarias ao mesmo, aboados integramente polo Concello.

O Sr. alcalde manifesta que o custe estimado da xuntanza suporá un gasto aproximado de 16.000 €. O Sr. secretario-interventor pon de manifesto que os datos da contabilidade municipal amosan unha evidente limitación na consignación da partida orzamentaria de aplicación do orzamento prorrogado en vigor (231/226), cunha alta porcentaxe de gasto xa comprometido, o que podería derivar nunha eventual nulidade do gasto que se dispoña e a interposición, de ser o caso, de reparos suspensivos ás facturas que se presenten polo citado concepto.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Sr. alcalde e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Organizar a XXXI Edición da Xuntanza da Terceira Idade o vindeiro día 10 de outubro de 2025.

Segundo.- Establecer, para o financiamento compartido do custe do xantar, as seguintes cotas:

- Maiores de 65 anos empadroados no Concello: 10,00 €.
- Menores de 65 anos empadroados no Concello que perciban algunha prestación con cargo ao sistema público de pensións (xubilación, invalidez, orfandade, RISGA ou equivalente): 10,00 €.
- Interesados en xeral: 30,00 €.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que dispoña o necesario para a organización e desenvolvemento da Xuntanza programada.

6.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORAS EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Laura Eiriz Sobrado e Dona Rosa María Beleda Presas, traballadoras laborais fixas do Concello nas prazas de auxiliar de axuda no fogar, causaron baixa laboral por incapacidade temporal, derivada de enfermidade común, con datas 16 de setembro e 24 de setembro do corrente, respectivamente. Xa que logo, existe a necesidade de proceder á contratación urxente duns/dunhas novos/as traballadores/as que presten os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2025, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo

municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que os postos de traballo deberan ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia das contratacións, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública das mesmas, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta do Departamento municipal de Servizos Sociais, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliares de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, das seguintes traballadoras:

- ✓ MARÍA MARGARITA HERNANDO GOLMAR, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), polo tempo que dure a situación de baixa por IT da traballadora Rosa María Beleda Presas.
- ✓ MARINETE DO AMARAL JOSÉ, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (31,15 horas/semana), polo tempo que dure a situación de baixa por IT da traballadora Laura Eiriz Sobrado.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

7.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO DENOMINADO “PLANTA DE XERACIÓN FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO COLECTIVO DAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DE RODEIRO”

ANTECEDENTES

Primeiro.- A motivación do presente contrato vén fundamentada no cumprimento do obxectivo de “*fomento das enerxías renovables*” de conformidade coa Directiva (UE) 2018/2021, e da necesidade de cumprir o obxecto da subvención concedida para tal fin pola Axencia Instituto Enerxético de Galicia (expediente núm. [REDACTED]).

Segundo.- Coa presente contratación non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación.

Terceiro.- De conformidade co previsto no artigo 11.1 c) da Resolución de convocatoria da subvención (DOG núm. 56, do 19/03/24), o Concello solicitou tres ofertas de diferentes provedores, co seguinte resultado:

- ✓ Presuposto do licitador David González Pérez ([REDACTED]), de data 01/09/25, que oferta a realización da obra ao prezo de 47.695,05 €, IVE incluído.
- ✓ Presuposto do licitador Luis Díaz Carballo ([REDACTED]), de data 22/09/25, que oferta a realización da obra ao prezo de 47.914,97 €, IVE incluído.
- ✓ Presuposto do licitador Marcos García Villanueva ([REDACTED]), de data 25/09/25, que oferta a realización da obra ao prezo de 47.606,24 €, IVE incluído.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato para a execución da obra denominada “*PLANTA DE XERACIÓN FOTOVOLTAICA PARA*”

AUTOCONSUMO COLECTIVO DAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DE RODEIRO a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: MARCOS GARCÍA VILLANUEVA

DNI: ██████████

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 39.344,00 €

IVE: 8.262,24 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Corenta e sete mil seiscientos seis euros con vinte e catro céntimos (47.606,24 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Proposición economicamente máis vantaxosa.

Segundo.- As obras deberán ser realizadas con estrita suxeición ao proxecto técnico, aprobado no seu día por este órgano, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Castro García.

Terceiro.- O prazo de execución total do investimento adxudicado terá como data límite o día 5 de novembro de 2025.

Cuarto.- Aprobar o gasto con cargo á correspondente partida orzamentaria do presuposto en vigor.

Quinto.- Designar director da obra ao facultativo redactor do proxecto.

8.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE SANTA BAIA DE CAMBA

VISTO o escrito presentado por Dona Alicia Fernández Pereiro, con DNI núm. ██████████ veciña do lugar de Loureiro, parroquia de Santa Baia de Camba (RE núm. 1690, do 26/09/25), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de Santa Baia de Camba celebradas os pasados días 29, 30 e 31 de agosto do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MARCAXE DEZA S.L. 48,40 €
Por subministro de material de oficina, s/factura núm. 250375 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 112,89 €, 28,00 €, 404,25 € E 47,00 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7JN0002616, TA7JN0002617, TA7JN0002618 e TA7JN0002625 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 547,85 €
Por seguro anual de vehículo municipal, s/factura núm. 75202519900020006433 (FACe).
- FIATC MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS 201,35 € E 624,04 €
Por seguro anual da nova máquina verredora, s/facturas núm. APS/000043540 e APS/000043568 (FACe).
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 49,72 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de agosto de 2025, s/factura núm. 25ZNX0228507(FACe).
- CITELFO S.L. 726,00 €
Por subministro de postes para o alumeado público, s/factura núm. 2025/054 (FACe).
- NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L. 600,00 €
Por reposición de aparcabicicletas na rúa B de Rodeiro que resultou danado por sinistro de vehículo, s/factura núm. 25/061 (FACe).

- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 868,78 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 60/25.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 43,56 €
Por traballos eléctricos no Centro de Saúde, s/factura núm. 62/25.
- MARÍA JOSÉ DÍAZ MARTUL 177,62 €
Por reparación de pneumáticos de vehículos municipais, s/factura núm. A/3621.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 219,85 €
Por diversas reparacións na rede de abastecemento e na piscina, s/factura núm. 61/25.
- ALS LIFE SCIENCES GALICIA S.L.U. 426,53 € E 611,66 €
Por analíticas da auga de consumo, s/factura núm. L2 1643 e L2 2092.
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 7.066,29 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de agosto de 2025, s/factura núm. 2025/2600 (FACe).
- EVENTILANDIA S.L. 1.573,00 €
Por organización de xornada de animación con inchables na piscina municipal, s/factura núm. FRA21/168 (FACe).
- ACTUAL STUDIO CREATIVO S.L. 36,30 €, 605,00 € E 726,00 €
Por xestión de redes, edición de vídeos e fotografías para as iniciativas “Sabor Labrego” e “Camburquer”, s/facturas núm. ADS2500034, F2500242 e F2500243.
- SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES EGDPI 1.444,14 €
Por abono de dereitos de autor por actuacións musicais organizadas polo Concello, s/factura núm. 1250449736 (FACe).

- NELSON QUINTEIRO ROA 495,00 €
Por representación do espectáculo “*Pequeno Cabaret Infantil*” dentro do programa “*Ler conta moito*”, s/factura núm. 202539 (FACe).
- EDITORIAL BULULÚ S.L. 33,01 €
Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. 293 (FACe).
- IRMÁS CARTONÉ S.L. 15,50 €
Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. 100 (FACe).
- TÉCNICAS & GRAMAXE S.L. 90,00 €
Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. 2025076 (FACe).
- EDITORIAL GALAXIA S.A. 37,80 €
Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. EF-250227 (FACe).
- EDICIÓN S EMBORA S.L. 54,00 €
Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. F25-289 (FACe).
- EDICIÓN S XERAIS DE GALICIA S.A. 195,05 €
Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. 25IF000230 (FACe).
- PLANET 8 GROUP S.L. 14,90 €
Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. F25/423 (FACe).
- EDICIÓN S DO CUMIO S.A. 92,64 €
Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. A/1924 (FACe).

- ASOCIACIÓN BOADICEA EDITORA 29,00 €
Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. 0184 (FACe).
- FOLLAS VOADORAS S.L. 19,00 €
Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. A/319 (FACe).
- R.M. PRINT GALICIA S.L. 96,80 €
Por subministro de camisolas rotuladas para socorristas da piscina municipal, s/factura núm. A/250256 (FACe).
- BAYGAR S.L. 86.185,00 €
Por contrato de subministro para adquisición de vehículo varredora, s/factura núm. 1347/251103220 (FACe) – Subvención FCA 2025.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)